



**Ana Álvarez Becerra**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte Moción, ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa construción e posta en marcha do Centro de Saúde Mental da Barbanza.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O anterior Goberno da Xunta de Galiza tiña iniciado o desenvolvemento do Plan Estratéxico de Saúde Mental que, entre outros, contemplaba a construción do Centro de Saúde Mental do Barbanza. Este Centro, que integraría a actual Unidade Asistencial de Drogodependencias (UAD), tiña xa partida orzamentaria e lugar de ubicación que sería na actual parcela do Hospital da Barbanza -así o ten expresado mesmo o Alcalde diante do Pleno da Corporación Municipal en máis dunha ocasión-. Polas informacións deste Grupo Municipal do BNG, mesmo a obra estaba xa licitada e adxudicada a unha empresa e, polo tanto, era inminente a súa construción. Máis recentes informacións, indican que tal adxudicación podería ter sido cancelada pola Consellería de Sanidade o que suporía un feito gravísimo desde o punto de vista da atención sanitaria na nosa comarca.

O cambio de Goberno na Xunta trouxo consigo inexplicables retardos, cando non supresións, de importantes proxectos xa en marcha no noso concello: é o caso do Macropolígono Industrial, o Centro de Día e, agora, o Centro de Saúde Mental.

O Goberno Municipal, na súa obriga de defender os intereses e atención da cidadanía, non debe quedar impasible diante de tal sucesión de feitos senón reclamar á Xunta de Galiza a posta en marcha de servizos que, sendo necesarios para unha importante parte da poboación do noso concello e comarca, estaban xa iniciados polo anterior goberno da Xunta.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte acordo:

### A C O R D O :

**Instar á Xunta de Galiza á inmediata construción e posta en marcha do Centro de Saúde Mental da Barbanza.**

Ribeira, 15 de xaneiro de 2010

PA

Asdo.: Ana Álvarez Becerra

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**